

Adaptación: **JOAN DE DÉU PRATS**  
Ilustracións: **JOMA**  
Tradución: **VITORIA BALLESTEROS**  
Música: **FAILONI ORCHESTRA**  
**HUNGARIAN FESTIVAL CHORUS**  
**MICHAEL HALÁSZ**

Encadernado en cartón. 25x22 cm.

32 páxinas a toda cor


Dispoñible en:

-Galego: "A fruta máxica"  
ISBN 978-84-8464-582-5

-Portugués: "A flauta mágica"  
ISBN 978-972-8781-46-0

Prezo: 20 €

## A FRAUTA MÁXICA



**Unha fresca e esplendorosa mañá, chea de reflexos de sol nas pingas de orballo, o valente príncipe Tamino decidiu ir de cazaría. Unha cazaría moi especial, e moi arriscada, xa que debía cazar un dragón que tiña arrepiados os súbditos do reino.**

Esta é unha historia chea de emoción, aventuras e acontecementos fantásticos. Mais sobre todo, é a historia do príncipe Tamino e de como acada a sabedoría e o amor da fermosa princesa Pamina. A doncela fora raptada e o príncipe loita por salvala coa axuda de Papaxeno, un pillabán cazador de paxaros. O seu talismán é tan só unha fruta... máxica! A historia aconteceu nunha afastada rexión. Tan lonxana que ninguén sería quen de sitala no mapa.

No ano do 250 aniversario do nacemento de Wolfgang Amadeus Mozart, KALANDRAKA apostaba por introducir os lectores galegos nunha das obras mestras do xenio de Salzburgo. Da man de HIPÓTESI, editorial catalana de gran solvencia na adaptación de óperas para o público infantil e adulto, KALANDRAKA achégase á figura dun dos compositores máis brillantes e peculiares da Historia.

O libro complétase cun CD que permite escoitar diversos fragmentos da composición, así como dunha pequena biografía na que se destaca a sensibilidade, talento e creatividade de Mozart: dende anécdotas como a súa precoz iniciación na música aos cinco anos, ata a variedade de estilos e xéneros que constitúen o seu valioso legado, con títulos como "As vodas de Fígaro", "Don Giovanni", "Cossì fan tutte", o "Requiem" ou as súas célebres sinfonías.

"A fruta máxica" é unha ópera en dous actos, baseada nun libreto de Emanuel Schikaneder. Estreouse no 'Freihaustheater auf der Wieden' de Viena en setembro de 1791 -pouco antes da morte do seu autor- cun grande éxito de público.

### JOAN DE DEU PRATS (Barcelona, 1962)

Estudou Xornalismo e adícase plenamente ao oficio de escritor. No eido da narrativa publicou máis de 70 libros infantís e xuveniles. Tamén realizou adaptacións de óperas, contos clásicos e traducións. Colabora con revistas e xornais como Cavall Fort, Tertzavents, Avui, La Vanguardia, El Mundo ou El Periódico de Catalunya. Recibiu varios galardóns.

### JOSEP MARÍA RIUS 'JOMA'

(Barcelona, 1954)

Estudou deseño gráfico na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos. Licenciouse en Xornalismo e graduouse en Historia. Na súa faceta como humorista gráfico ten colaborado con revistas e diarios. A súa carreira artística tamén se orientou cara ao grabado e maila serigrafía, con especial interese sobre os poemas-objeto e a poesía visual.



- **Temática:** adaptación dunha ópera
- **Idade recomendada:** dende 10 anos
- **Aspectos destacables:** inclúe un cd con fragmentos da composición; outros títulos da colección 'Ópera para nenos' en galego: "Aida", "O barbeiro de Sevilla", "Orfeo e Euridice", "Porgy and Bess"
- **Aplicacións:** introdución á ópera e á música clásica, estudo da vida e da obra de Mozart